

## FONDO DE LIBROS, AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E AXUDAS DE LIBROS PARA O CURSO 2024/2025

A Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional regulou na Orde do 7 de maio de 2024 (DOG núm. 96 do 20.05.2024) a participación no fondo solidario de libros de texto e convocou axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2024/2025.

O primeiro destes sistemas, o **fondo solidario de libros de texto**, estará destinado ao alumnado matriculado no vindeiro curso 2024/2025 en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en tódolos cursos de ESO.

O segundo deles, as **axudas para a adquisición de material escolar**, que son compatibles co fondo solidario de libros e coas axudas para a adquisición de libros de texto, irán dirixidas ao alumnado matriculado no ano académico 2024/2025 en calquera curso de educación primara e de ESO. Requírese para ter dereito a estas axudas non superar os 10.000 € de renda per cápita no ano 2022.

O último, as **axudas para a adquisición de libros de texto**, destinaranse ao alumnado matriculado no vindeiro curso 2024/2025 en 1º e 2º de educación primaria. Requírese para ter dereito a estas axudas non superar os 10.000 € de renda per cápita no ano 2022.

Para participar no fondo solidario de libros e para solicitar as axudas de material e de libros haberá que cubrir e presentar, preferiblemente por vía electrónica, os formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>). Opcionalmente, estas solicitudes poderanse presentar en papel na secretaría do centro.

En ambos casos (presentación electrónica ou en papel) cubrirase a solicitude e achegarase a documentación que se relaciona:

- Anexo I ED330B cuberto e asinado pola persoa solicitante (nai ou pai).
- Anexo II ED330B cuberto e asinado cos consentimentos para a consulta dos datos do DNI e da declaración do IRPF do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor, no caso de separación ou divorcio dos proxenitores.

O prazo para presentar as devanditas solicitudes permanecerá aberto dende o **21.05.2024 ata o 21.06.2024. As que se presenten fóra de prazo quedarán excluídas.**

Para máis información pódese consultar na secretaría do centro chamando ao 881880284.

Cabana de Bergantiños, 21 de maio de 2024